



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DAS BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN DE CINCO TRABALLADORES/OFICIAIS DE SEGUNDA (CATRO ALBANEIS E UN ELECTRICISTA) AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DURANTE A ANUALIDADE 2020 (PEL.CONCELLOS)

EXPEDIENTE: 2021/G003/000080

Tendo necesidade este Concello da contratación laboral temporal de cinco traballadores, catro albaneis e un electricista (oficiais de segunda), a xornada parcial, trinta horas a semana, dende a súa contratación (inmediatamente posterior á finalización do proceso de selección) ata o 31 de decembro de 2021, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado, condicionado o contrato á concesión da achega publicada no BOP nº 29 do 12 de febreiro de 2021 ; resolución de presidencia nº 2021/4566 de 10.02.2021 pola que se lle aproba a concesión a este Concello dunha subvención de 78.925,00 €.


Logo de finalizárense a elaboración das respectivas bases por parte do departamento de Persoal e de que por parte da técnica xurídica se asinase dixitalmente o dezanove de febreiro de dous mil vinte e un un informe sobre a contratación destes/as traballadores/as, no que se conclúe: "(...)Por todo isto, estes servizos municipais **INFORMAN** que a contratación de cinco oficiais de segunda (catro na categoría de albaneis e un na de electricista) subvencionados ao 100% pola Excm. Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da Resolución de Presidencia 2021/4566, aos efectos da preceptiva fiscalización municipal, suporían un **custo total durante o tempo que se relaciona nos cadros anteriores (sempre e cando estean contratados ata o 31 de decembro de 2021 e por un máximo de dez meses, durante 30 horas/semana), de setenta e oito mil novecentos vinte e cinco euros (78.925,00)**, sen prexuízo de modificacións salariais que puideran xurdir de carácter mínimo e da modificación nos prazos de contratación que , neste último caso só poderían minorarse por causa do tempo que leve a tramitación do procedemento de selección e que non serían susceptibles de novo informe.(...)".

Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención (emitido o 26 de febreiro de 2021), no que se indica que "(...) **PRIMEIRO.-** (...) considérase axustado á legalidade a contratación de persoal laboral para a cobertura deste posto. (...) **TERCEIRO.-** (...) o sistema selectivo de concurso libre recollido nas bases considérase axeitado á legalidade. (...) **SEXTA.-** (...) verifícase a existencia de crédito máximo, conforme o sinalado no informe de estimación de custe salarial, na aplicación presupostaria 1532.13100 por importe de 57.708,50 € e por importe de 21.216,50€ na aplicación 1532.160.00 (...)".

Considerando canto dispón a lexislación aplicable, e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1.a) e g) da Lei 7/85, do 2 de abril, e concordantes

RESOLVO

1.- Advocar singularmente neste caso (para poder iniciar a prestación do contrato á maior brevidade posible) a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 315/2019, do 18 de xullo de 2019, correspondente a "aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo".



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 2.- Aprobar as bases, que quedan incorporadas como anexos de resolución, e autorizar o gasto correspondente para iniciar o procedemento de selección de catro albais e un electricista (oficiais de segunda).
- 3.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado no punto 7º das bases, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares.
- 4.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas publicando este acordo no taboleiro de anuncios e na web do Concello para que as persoas interesadas poidan presentar as súas solicitudes.
5. Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao pleno do Concello na vindeira sesión plenaria.


Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,
O SECRETARIO
Diego García Doval

ANEXO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN DE CINCO TRABALLADORES/AS PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, ANUALIDADE 2021.

1.-OBJECTO


O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal para o departamento de Obras e Servizos de:

- cinco oficiais de segunda (catro albaneis e un electricista)
- xornada parcial, trinta horas á semana, modalidade contractual de obra ou servizo.
- dende a súa contratación (inmediatamente posterior á finalización do proceso de selección) ata o 31 de decembro de 2021

O sistema de selección será o de concurso libre e entrevista profesional, condicionando o contrato á subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a través da resolución 2021/4566 do 10.02.2021, publicada no BOP nº 29 do 12 de febreiro de 2021 e das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 220 do 23 de decembro de 2020, resolución 2020/42100 do 18 de decembro de 2020, dentro do "Programa PEL-Concellos Reactiva 2021, de integración Laboral mediante contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, incluído na liña 1.1 do plan de emprego local 2021".

A contratación, subvencionada pola Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, está integrada no Plan de Emprego Local cuxo obxectivo principal é contribuír á xeración de emprego e actividade económica, á fixación da poboación nos concellos e ao crecemento sostible dos mesmos así como apoiar aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes na creación de empregos para a prestación de servizos municipais, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

2.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.1.- Os traballadores e traballadoras que se contraten **deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de risco de exclusión** de acordo co establecido no punto 2.1 da bases da convocatoria da subvención:


- mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- maiores de 45 anos
- persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos demandantes de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- persoas en situación de drogodependencia.
- persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- persoas en fogar monoparental.
- persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- persoas vítimas de violencia de xénero.
- persoas sen fogar.

2.2.- Así mesmo tamén será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles na data de inicio do proceso selectivo, e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.
- c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez publicado simultaneamente o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

do Concello (www.carral.es) iniciárase o prazo para a presentación de solicitudes que será de **CUATRO DÍAS HÁBILES**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e nas oficinas municipais as bases co modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As persoas que desexen participar nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carral que se presentará no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes, e dunha entrevista de carácter profesional que terá lugar sempre que a situación xerada pola pandemia do COVID-19 así o permita e tendo en conta as medidas de prevención e seguridade establecidas polo goberno central.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de tal maneira que, se algún dos seleccionados causa baixa por IT, maternidade, renuncia, etc, o Concello tirará desa bolsa para cubrir o posto vacante e polo tempo límite da subvención da Excm. Deputación da Coruña, isto é, ata máximo o 31 de decembro de 2021. Seleccionarase ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.


No suposto de que conste en poder do Concello documentación acreditativa conforme a que a persoa que vai ser chamada para o posto xa está traballando, ben sexa para o propio Concello, para calquera outra administración ou para unha empresa privada, entón non se procederá ao seu chamamento, pasando a seleccionarse á persoa seguinte da lista.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases (anexo I) e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carral en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres así como por calquera dos medios que establece o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Xunto coa instancia **deberá achegarse** a seguinte documentación:

- copia do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Anexo II. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

servizo ao Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 2.1 destas bases:

Mulleres e persoas maiores e 45 anos	Fotocopia DNI
Parados de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia, persoas que vivan nun fogar onde ningunha delas teña emprego, persoas en fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas vítimas de violencia de xénero , persoas sen fogar	Informe dos servizos sociais municipais

ou calquera outra documentación que poida acreditar as circunstancias recollidas anteriormente.

d) Documentación que acredite que se remataron favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.

d) Contratos de traballo acompañados de informe de vida laboral actualizado.


e) Anexo III. Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS: (10 puntos)

5.1.- Circunstancias persoais: (4 puntos)

- a) mulleres: 0,4puntos
- b) maiores de 45 anos: 0,4 puntos
- c) persoas desempregadas de longa duración: 0,4 puntos
- d) persoas con discapacidade: 0,4 puntos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- e) persoas en situación de drogodependencia: 0,4 puntos
- f) persoas que vivan nun fogar onde ningunha delas teña emprego: 0,4 puntos
- g) persoas en fogar monoparental ou monomarental: 0,4 puntos
- h) persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais: 0,4 puntos
- i) persoas vítimas de violencia de xénero: 0,4 puntos
- l) persoas sen fogar: 0,4 puntos

As circunstancias anteriores acreditaranse de acordo co establecido no punto 4.c) destas bases ou con calquera outra documentación que poida acreditar estas circunstancias persoais.

5.2.- Experiencia profesional e formación especializada: (4 puntos)

- 0,025 puntos por mes traballado en postos con funcións iguais ou similares aos que se pretende ocupar: ata un máximo de 2,5 punto.

- 0,025 puntos por hora de formación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e por cursos relacionados coas funcións propias dos postos a ocupar: ata un máximo de 1,5 punto.

A estes efectos, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días, a xornada completa.

A experiencia laboral acreditarase coa presentación simultánea dos contratos de traballo e da vida laboral e a realización dos cursos cunha fotocopia do certificado de asistencia ou do diploma. Os cursos que non recollan as horas non serán computados e só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso, non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias ou outras institucións privadas se non se xustifica a homologación sinalada. En canto á experiencia profesional, os/as aspirantes con experiencia profesional nunha categoría superior á que se presentan computaralles para ese posto mais non ao contrario.

5.3.- Entrevista profesional: (2 puntos)

Realizarase unha entrevista profesional a cada unha das persoas aspirantes onde se valorará a especial aptitude e o coñecemento do medio para as tarefas pretendidas.

Se a situación actual na que nos atopamos xerada polo COVID-19, non permite que se poidan realizar esta última fase do procedemento de selección, o baremo de méritos para a contratación do/a candidato/a será sobre oito (8) puntos. Polo que só se puntuará a documentación presentada polos/as aspirantes.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.-Os membros do órgano de selección serán designados pola Alcaldía, ao abeiro do establecido nos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

artigo 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición publicárase no taboleiro de anuncios do Concello. Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

2.- Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade que os convoca. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan. Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

6.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

7.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requirida e de realizar unha valoración preliminar das solicitudes, valoración que deberá presentar á alcaldía unha vez rematado o prazo de solicitudes de instancias. (instrutor do procedemento).

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro e na web do Concello, outorgándose un prazo de un día hábil para correccións ou emendas nos termos establecidos na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non existiren candidatos/as excluídos/as, a listaxe provisional elevarase automaticamente a definitiva. As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional. Nesta mesma resolución recollerase a composición do tribunal e o lugar, hora e a data da celebración da entrevista profesional.

Previamente á entrevista profesional, os membros do tribunal reuniranse para valorar a documentación presentada coa instancia para participar no presente procedemento. A valoración destes méritos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

publicarase de forma global coa puntuación acadada na entrevista profesional conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións.

Finalmente, o alcalde ou órgano delegado resolverá a contratación da persoa que maior puntuación acadase nesta selección.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, exclusivamente, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.carral.es).

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia a aquela persoa candidata que máis antigüidade teña como inscrita no Servizo Público de Emprego.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os aspirantes propostos para ocupar os postos deberán presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación:

- a tarxeta de desemprego.
- a tarxeta da seguridade social
- certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.

De non presentarse dita documentación pola persoa con maior puntuación no prazo de dous días hábiles procederase ao chamamento da seguinte persoa con maior puntuación no procedemento de selección.


9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e os aspirantes seleccionados. Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, os aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha. Despois, mensualmente, recibirán o importe total de 1.122,57 € (incluída a parte proporcional da paga extra).

Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 01/03/2021 14:59:00) , Diego García Doval (FECHA: 01/03/2021 15:16:00)

Decreto Nº: 80/2021 - Fecha de decreto: 01/03/2021

Versión imprimible


CVD: gWGAYfBvfHxCWBpYkAGF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/
a con D.N.Inº.....
.....e enderezo
na.....
.....
C.Postal.....Localidade.....

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

.....Municipio.....Provincia.....Teléfono.....
.....

Enterado/a do posto de traballo que o Concello de Carral pretende cubrir para

- OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEL**
 OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA

DECLARO

1ª.- Que coñezo e acepto na súa integridade e sen obxección ningunha as bases que rexen a convocatoria.

2ª.- Que solicito ser admitido/a ao referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Xunto coa instancia (anexo I), achego declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente (anexo II) e a documentación que se relaciona no anexo III.

Carral, de de 2021

O/a aspirante


Asdo.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

D/
 a con D.N.Inº.....
e enderezo
 na.....

 C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Carral, de de 2021


O/a aspirante

Asdo.....

ANEXO III

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN:

D/a.....con D.N.I.
 nº.....



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

presenta a seguinte documentación para participar no procedemento de selección para contratar un/hapara a cuadrilla de obras e servizos do Concello de Carral.

-
-
-
-
-
-
-
-

Carral, de de 2021

O/a aspirante

Asdo.....

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 01/03/2021 14:59:00) , Diego García Doval (FECHA: 01/03/2021 15:16:00)

Decreto Nº: 80/2021 - Fecha de decreto: 01/03/2021
Versión imprimible

CVD: gWGAYfBvfHxCWBpYkAGF
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.